



A APDR APOIA A MANIFESTACIÓN EN CANGAS: S.O.S. MASSÓ DO SÁBADO 20 DE XUÑO ÁS 20 HORAS, DENDE A ALAMEDA VELLA DE CANGAS ATE O SALGUEIRÓN

A APDR solidarízase coas demandas do Foro Social de Cangas, dos seus veciños e mariñeiros polo cese inmediato das agresións ilegais ao litoral de Cangas, no Salgueirón e en Punta Balea.

O caso do proxecto de porto deportivo no Salgueirón e da urbanización dos antigos terreos da conserveira Massó en Cangas, é un triste exemplo da “marbellización” e destrución ambiental no noso litoral. Despois de moitos anos de loita social consciente para paralizar estes proxectos denunciando a destrución e privatización do seu litoral, miramos como os especuladores tentan sortear a lei ao tempo que as administracións implicadas (Xunta de Galicia, a Dirección Provincial de Costas, a Autoridade Portuaria e o Concello de Cangas) miran cara a outra parte cando os camións e as máquinas obran no Salgueirón e Punta Balea, esquecendo as súas irregularidades.

Esta urbanización que ocupan indiscriminadamente a nosa costa trae consigo unha xestión estragadora do gasto do solo, da enerxía e da auga, cunha produción maior de puntos de verteduras ilegais de augas residuais cunha dispersión urbanística que impide a implantación dun sistema de transporte público cun mínimo de funcionalidade. Esta xestión caótica leva o gasto público cara a intereses privados nun modelo de sociedade insustentábel.

Este atentado ecolóxico especulativo da Marina Atlántica, privatiza o mar e o litoral cunha usurpación de terreos públicos mediante feitos consumados que burlan á ordenación urbanística carecendo das prescritíbeis licenzas municipais e apoiándose nunha tramitación fraudulenta da autoridade portuaria

Instamos á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a unha pronta suspensión das obras; ao Concello de Cangas o cumprimento da súa promesa electoral e programática paralizando e prohibindo dito proxecto de porto deportivo e urbanización; á Residencial Marina Atlántica (con Caixanova e Puentes y Calzadas, como máximos accionistas), a paralización das obras ilegais do porto deportivo, cesando a presión ás administracións públicas.

So un futuro PXOM de Cangas —nun proceso participativo, aberto e democrático que respecte a protección de distintas normativas ambientais e urbanísticas galegas, estatais e europeas— é queN ordenar na realidade O Salgueirón.